



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



CIRCULAR 11/2007 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA O ACCESO E A ADMISIÓ DO ALUMNADO AOS ESTUDOS SUPERIORES DE ARTE DRAMÁTICA EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.

O Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, establece os estudos superiores de Arte dramática, as súas ensinanzas mínimas e regula a proba de acceso. En desenvolvemento desa norma básica, o Decreto 220/2005, do 7 de xullo, establece para a comunidade autónoma de Galicia o currículo dos estudos superiores de arte dramática e regula, no seu título III, o acceso as ditas ensinanzas.

Segundo establece o artigo 11. 3 do dito Decreto 220/2005, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pode realizar, con carácter excepcional, unha convocatoria extraordinaria no mes de setembro se as prazas ofertadas non fosen cubertas na convocatoria de xullo. A tal fin, e considerando as vacantes existentes na especialidade de Dirección de escena, nas opcións de Dramaturxia e estudos teatrais e de Dirección de escena, esta Dirección Xeral dita as seguintes instrucións:

Primeiro.- Convócanse probas extraordinarias de acceso aos estudos superiores de Arte dramática na especialidade de Dirección de escena, nas opcións de Dramaturxia e estudos teatrais (8 prazas) e de Dirección de escena (5 prazas), segundo o establecido no Título III do Decreto 220/2007.

Segundo. As probas de acceso celebraranse entre os días 10 e 15 de setembro de 2007.

Terceiro. Corresponde á Comisión de Probas de Acceso da ESAD de Galicia determinar o calendario, os contidos dos exercicios, e os tribunais das mesmas, segundo o disposto no Título III Decreto 220/2007.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



Cuarto. A documentación relativa ás probas de acceso extraordinarias de setembro na ESAD de Galicia, estará a disposición dos interesados na páxina web e na secretaría da Escola. Durante o mes de agosto atenderanse consultas no teléfono 619.910967 e no correo electrónico da ESAD: esad.galicia@edu.xunta.es

Quinto. Inscripción:

- *A inscrición nas probas poderá realizarse entre o 16 de xullo e o 25 de agosto na propia sede provisional da ESAD, no IES de Bouzas, en Vigo (só durante o mes de xullo en horario de 9.00 a 14.00), ou por correo, enviando a documentación a: ESAD de Galicia, Apartado de correos 2102, 36208, VIGO.*

Tamén se pode presentar no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou nos lugares que sinala o artigo 38, 4º da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- *O impreso [Modelo E-0365850] para o abono das taxas pode recollese na sede provisional da ESAD ou nas Delegacións da Consellería de Educación. Os requisitos dos aspirantes e calquera outra documentación ou información pode consultarse ou imprimirse na páxina web da ESAD www.esadgalicia.com*
- *Os aspirantes que participaron nas probas de acceso de xuño, e non obtiveron praza, poderán presentarse abonando as taxas de inscrición. O importe das mesmas aparece recollido na páxina web da escola.*

Sexto. Os aspirantes que desexen acollese á *opción de acreditación da experiencia profesional*, deberán solicitar a súa inscrición nos mesmos prazos, pero facendo constar a súa inscrición mediante comunicación ao correo electrónico da ESAD antes do día 30 de agosto. Estes aspirantes serán convocados á defensa da súa memoria de actividades profesionais no día 5 de setembro a partir das 16.30 horas da tarde, segundo un calendario de comparecencias que se fará público o día 3 de setembro. A memoria de actividades profesionais deberá ser entregada na sede provisional da ESAD o día 3 pola mañá para que a Comisión de Probas de Acceso as poida analizar e valorar.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfpce@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



Sétimo. *Lista de alumnado admitido:* o día 4 de setembro publicarase na páxina web da ESAD a lista provisional de aspirantes admitidos. Os días 5 e 6 de setembro poderán presentarse reclamacións e o día 6 publicarase na web da ESAD a lista definitiva de aspirantes e o cronograma das probas. Nesta lista incluíranse as persoas que superen o proceso de acreditación da experiencia profesional previo pago das taxas correspondentes.

Oitavo. *O primeiro exercicio,* do que estarían exentos os aspirantes que superasen o proceso de acreditación da experiencia profesional, realizarase na sede da ESAD ás 10.00 horas do día 10 de setembro.

Noveno. *O segundo exercicio* comezará o día 12 de setembro ás 10 horas.

Décimo. *Os contidos das probas,* nas dúas opcións, serán os mesmos que os das probas de xullo de 2007.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2007.

O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez